



**XUNTA
DE GALICIA**

Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense

Santiago de Compostela, 11 de outubro de dous mil dezasete

REUNIDOS

Don -----, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

E doutra, don -----, titular do D.N.I. nº -----, en representación da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, con domicilio social en Ourense, -----, Intervén en calidade de vicepresidente primeiro executivo.

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

1. Que a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, en adiante Expourense, ten entre outros obxectivos fomentar a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento destes sectores en Galicia e o nivel profesional de todos os sectores da actividade económica.



2. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está interesada en participar e colaborar nas feiras que Expourense organiza ao longo do ano.

En consecuencia, as entidades asinantes, de conformidade co exposto, formalizan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, que estarán enmarcadas nos seguintes obxectivos:

- a) Establecer o marco de colaboración de cara á participación activa do profesorado e alumnado dos centros de formación profesional, nas distintas actividades que se organicen en Expourense.
- b) Colaborar na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- c) Establecer un programa de formación en centros de traballo, para alumnado que curse formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións de Expourense.
- d) Desenvolver liñas de actuación que xeren un impulso á formación profesional dual, ao fomento do emprendemento, ao apoio á posta en marcha de proxectos de innovación nos centros de formación profesional; así como calquera outra de interese para as partes.

Segunda. Participación nas actividades de Expourense

- a) Programación: as partes acordarán para cada exercicio unha previsión de actividades nas que se vaia participar, concretando obxectivos e datas de celebración e calquera outro aspecto que se considere necesario. Poderán integrarse a esta programación outras accións non previstas, que poidan xurdir ao longo do curso escolar e que sexan de interese para as partes; neste caso, comunicaranse coa antelación necesaria.
- b) Contidos: os contidos das actividades nas que se participe conxuntamente deberán axustarse ao currículo oficial das ensinanzas de formación profesional e suporán un valor engadido á formación do profesorado e alumnado que participa.



- c) Desenvolvemento das actividades: o alumnado que participe nas distintas actividades estará suxeito ao horario que se pacte entre as partes e permanecerá baixo a supervisión do profesorado acompañante do centro; estará cuberto ante calquera risco de accidente polo seguro escolar. O alumnado e profesorado utilizará, no seu caso, o uniforme do centro escolar. Expourense velará polo cumprimento das medidas de seguridade e hixiene durante o desenvolvemento das actividades e xestionará e asumirá, no seu caso, os custos derivados das actividades realizadas.
- d) Acceso ás actividades: Expourense garantirá para o alumnado e profesorado dos centros de ensinanza dependentes da consellería o acceso gratuíto ás actividades que se celebren.
- e) Publicidade: en todas as actividades nas que participe a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, esta aparecerá como entidade colaboradora de Expourense.

Terceira. Formación e actualización do profesorado

Á proposta dunha das partes implicadas poderanse organizar cursos, seminarios, estudos, etc., sobre temas referentes ás novas tecnoloxías de común interese, tanto para persoal específico de Expourense, dentro das súas posibilidades, como da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Para tal fin, a empresa colaborará, mediante o oportuno apoio técnico e loxístico, no programa de formación do profesorado e nas estancias en empresas por tempo definido, para o profesorado de formación profesional e segundo as necesidades de formación, previstas na convocatoria de estadías en empresas que anualmente promove a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Expourense colaborará na formación e actualización do profesorado, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en aquelas técnicas e tecnoloxías que considere de interese, e especialmente colaborará na obtención do título de especialización didáctica previsto para o profesorado de formación profesional inicial conforme ao Real decreto 118/2004, do 23 de xaneiro, (BOE 4/02/2004), modificado polo Real decreto 1258/2005, do 21 de outubro (BOE 8/11/2005).



Cuarta. Programa de formación en centros de traballo

Os centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas de formación profesional determinarán, por escrito, o alumnado que vaia realizar o módulo de FCT nas instalacións de Expourense para cada curso escolar e de acordo coas estipulacións previstas neste convenio. Neste documento, determinarase o seu calendario e o seu horario, que terá que axustarse ao previsto no correspondente módulo de FCT.

O centro de traballo responsabilizarase da formación do alumnado, para o que designará aos/ás titores/as responsables de cada área formativa. O centro educativo tamén designará un/ha tutor/a ou titores/as que colaborarán co/a tutor/a da empresa na elaboración do programa formativo e no apoio técnico ao alumnado.

Cada alumno/a asistirá ao centro de traballo provisto da súa tarxeta de identificación ou D.N.I., e observará as normas do centro de traballo no tocante á puntualidade, asistencia e comportamento. A empresa poderá desistir libremente de continuar a colaboración formativa, respecto de calquera alumno/a, por incumprimento das normas, abondando para iso unha comunicación escrita ao centro escolar, oído previamente o/a tutor/a do/a mesmo/a.

O/A alumno/a non terá en ningún caso vinculación laboral con Expourense, non podendo establecerse entre esta e aquel/a ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contratos formativos, previstos no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que o alumnado acollido a este convenio queda absolutamente excluído da lexislación laboral. Durante o período de prácticas concertado non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre a empresa e o/a alumno/a, mentres non se revoque expresamente o concerto de colaboración formativa entre o centro educativo e a dirección da empresa, respecto dese/a alumno/a.

Os riscos por accidentes de traballo derivados da realización das prácticas, tanto se afectan ás cousas ou a terceiros coma ao propio alumno/a, incluídos os constitutivos de invalidez ou determinantes de morte, quedan cubertos por unha póliza de seguro colectivo adicional de carácter civil que ten subscrita a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Quinta. Impulso da formación profesional

Nas distintas actividades que se organicen, Expourense impulsará as ensinanzas de formación profesional entre as empresas e institucións participantes, promovendo a colaboración das



mesmas cos centros educativos en proxectos de formación profesional dual, no desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación en centros de formación profesional e no fomento do emprendemento como saída profesional do alumnado; así como en calquera outra iniciativa de común interese para o sector produtivo e os centros de formación profesional.

Sexta. Anexos singulares de desenvolvemento do convenio

Cada un dos aspectos recollidos na cláusula primeira deste convenio, poderá ser obxecto de desenvolvemento e concreción por medio de acordos de colaboración entre as partes, que coa mesma consideración xurídica e os mesmos efectos vinculantes, reflectirán o desenvolvemento das accións que se consideren e os compromisos adicionais que asuman as partes.

Sétima. Comisión mixta

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída por:

- a) Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- b) Dúas persoas representantes de Expourense.
- c) Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretaria.

Oitava. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o acordo poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á finalización do convenio.

Novena. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, o alumnado e a empresa que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.



Décima. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Undécima. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano, no lugar e data indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O Vicepresidente Primeiro Executivo da
Fundación Feiras e Exposicións de Ourense
